



A Dirección Xeral de Xuventude, como participante da Campaña de verán 2026, no programa de **intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas**, infórmate sobre a túa incorporación:

ACTIVIDADE

Hip Hop e Danza Urbana II. Comunidade Autónoma: Madrid

Datas: **do 1 ao 11 de agosto de 2026**

Aloxamento: **Albergue Juvenil Villacastora.** Ctra. de las Dehesas, 29, 28470 Cercedilla, Madrid

Teléfono: 918 520 334

SAÍDA

DATA: **1 de agosto de 2026**

HORA: **09:00 horas**

LUGAR DE SAÍDA: **Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia** (entrada principal). R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro 15703 Santiago de Compostela

REGRESO

DATA: **11 de agosto de 2026**

HORA DE SAÍDA: **Despois do almuerzo** (a hora aproximada de chegada será comunicada telefonicamente polas persoas participantes)

NOTAS:

1. Terás que levar comida para a viaxe de ida.
2. Os participantes nesta actividade irán acompañados dun monitor da Dirección Xeral de Xuventude.
3. A equipaxe ten que ser moderada. A capacidade do autobús é limitada e, polo tanto, o exceso de equipaxe quedará en terra.
4. No caso de non ter entregado o modelo de **autorización para facer fotografías** durante o desenvolvemento dos campamentos, asinada polos teus pais ou titores, poderás facelo o día da saída. Tamén deberás entregar a **autorización para a túa recollida** (só no caso de que non sexan os teus pais ou titores os que te recollan á volta). Estas autorizacións debes entregarllas ao monitor acompañante cando te incorpores ao autobús.
5. **Equipamento aconsellable.** Comproba as indicacións da **Información xeral Cercedilla** (na segunda páxina deste documento).

COMUNICACIÓN (importante)

Se levas teléfono móbil, lembra que, debido a situación das instalacións, pode haber dificultades de cobertura. Na instalación determinarase as horas concretas para a comunicación telefónica. **Non chamar directamente a instalación salvo en caso de urxencia.**



Campamento de Verán

CONSEJERÍA DE FAMILIA,
JUVENTUD Y POLÍTICA SOCIAL
Campamentos juveniles

Modalidade	HIP HOP e DANZA URBANA II	Datas	1 ao 11 de agosto	Lugar	Albergue Juvenil Villa Castora. Cercedilla - Madrid
-------------------	---------------------------	--------------	-------------------	--------------	---

Albergue Juvenil "Villa Castora" - Ctra. de las Dehesas, 29, 28470 Cercedilla, Madrid

ACTIVIDADES:

Os obradoiros e actividades deste campamento son de carácter lúdico e educativo, e tratarán de promover e fomentar que os xoves sexan protagonistas, e expresen as súas ideas e emocións a través do movemento e da danza.

O obxectivo principal é ofrecer aos mozos participantes a oportunidade de bailar e achegarse aos diferentes estilos de danza moderna: Danza Urbana, Danza Comercial, Hip Hop, FreeStyle, Break Dance, Fusion, etc. Habrá xogos e dinámicas para traballar o ritmo, a percepción espacial, o desenvolvemento do sentido estético, o uso do corpo como expresión artística, a improvisación, a coreografía, a posta en escena, a actuación ante a cámara, etc.

Visita ao parque de atraccións e paseo por Madrid histórico, visitas ao parque recreativo Las Berceas (piscinas naturais) en Cercedilla e as piscinas municipais. Ademais, realizaranse outras actividades recreativas, de lecer e de tempo libre.

NOTA: para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

Equipamento persoal

Documentación necesaria orixinal

- DNI ou pasaporte
- Tarxeta sanitaria da Seguridade Social ou outro tipo de seguro médico

Medicamentos

- **Certificado médico obrigatorio en casos de dietas especiais ou enfermidades.** No caso de ter algún tratamento médico especial, as persoas participantes terán que levar os medicamentos específicos xunto con informe médico e folla explicativa con indicacións, tomas ou instrucións. Esta folla deberá ir asinada por un dos proxenitores e comunicarlle a organización os datos de importancia.

Material recomendado

- Mochila / bolsa de viaxe evitando maletas, mochila pequena, para facer excursións
- Calzado deportivo, calcetíns e mudas.
- Roupa cómoda: pantalóns curtos, algún pantalón longo, camisetas.
- Roupa de abrigo (sudadeiras, chaqueta polar, chubasqueiros)
- Bañadores, chanclas, gafas de sol, gorra para o sol e crema solar.
- Chanclas pechadas (ou escafpíns)
- Toallas para lavabo, ducha e piscina.
- Bolsa ou neceser con útiles de hixiene persoal.
- Cantimplora e lanterna.
- Bolsa para roupa sucia.